

BANDO DA ALCALDÍA

EN MATERIA DE PREVENCIÓN DE INCENDIOS

Comprobada a existencia de terreos e fincas abandonadas próximas ós núcleos de poboación, nas que a vexetación supón un evidente risco de incendio e cuxos efectos destrutivos, poden ocasionar grandes danos materiais e, sobre todo, perigo para a integridade das persoas, recórdaselle a tódolos propietarios de solares e edificacións abandonadas para que, no prazo de tres meses, antes do inicio da tempada estival, procedan ó desbroce e limpeza dos mesmos.

Estas medidas tamén serán de aplicación para aquelas árbores que polas súas características (froiteiras, nogueiras, almendros etc.) adquiriron unhas dimensións que tamén representan un risco de incendio, para recordarlles que realicen a súa poda en tempo.

A adopción de medidas preventivas para a conservación destes espazos en condicións de seguridade, salubridade e ornato público, non so so unha obriga, se non que, tamén supoñen así mesmo, un acto solidariedade co resto dos seus conveciños.

O incumprimento destas obrigas, levará o concello a adoptar as medidas pertinentes, incluída a imposición das sancións ás que houbera lugar.

O que se fai público para xeral coñecemento e cumprimento.

*Viana do Bolo, 10 de febreiro de 2021
O Alcalde. Abelardo Carballo Alonso
Documento asinado dixitalmente á marxe*

